



CONCELLO DE REDONDELA

ANUNCIO NO TABOLEIRO DE ANUNCIOS E NA PÁXINA WEB DO CONCELLO

A alcaldesa ditou a Resolución con data de 30/11/2023 pola que aproba a modificación requisitos mínimos exixidos posto docente de deseño de produtos gráficos obradoiro de emprego "REDONDELA TIC III", na cal se establece o seguinte:

“RESOLUCIÓN

O obxectivo da presente convocatoria é poñer en marcha o programa de emprego “REDONDELA TIC III” dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas mozas incluídas no Ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil (formación e aprendizaxe), cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

A selección do alumnado-traballador así como a do persoal directivo, docente e administrativo de apoio participante no programa que se puxo en funcionamento, realizouse pola entidade promotora mediante un procedemento específico regulado mediante instrución da Dirección Xeral de Formación e Colocación, atendendo ás prioridades do proxecto, aos itinerarios formativos e a criterios de igualdade e obxectividade.

A selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio foi realizada a través de convocatoria pública.

A Intervención Municipal emitíu o certificado de existencia de crédito definitivo, con data de 23/05/2023.

O Concello de Redondela solicitou unha subvención para o desenvolvemento do PROGRAMA DE EMPREGO “REDONDELA TIC III” PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, con data de 23/05/2023, na que se impartirán as especialidades formativas de: Deseño gráfico e Hostalería.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade outorgou ao Concello de Redondela unha subvención de 424.836,96 € para a contratación de persoal para realizar o programa de emprego “REDONDELA TIC III”, con data de 03/08/2023 ao abeiro da Orde do 12 de abril de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de Programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 e 2024 (TR353B), que se publicou no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) núm. 78, do 24/04/2023, normativa de aplicación.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C





A Intervención Municipal emitíu o certificado de existencia de crédito definitivo, con data de 11/08/2023.

A Comisión Informativa dos Procesos Selectivos estudou e analizou as bases para a contratación de persoal para a realización do programa de emprego “REDONDELA TIC III”, o día 06/09/2023.

A Secretaria Xeral emitíu o informe xurídico núm.: 2023-0116, con data de 07/09/2023.

A Intervención Municipal emitíu os informes núm.: 2023-0246, 2023-0247, 2023-0248, 2023-0249, con data de 07/09/2023, respectivamente.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2023-2116, con data de 07/09/2023, pola que aprobou as bases que rexen a contratación de persoal directivo, docente e administrativo/a por medio dun contrato de traballo temporal, para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, para a realización do PROGRAMA DE EMPREGO “REDONDELA TIC III” PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL e as bases que rexerán a contratación de 16 prazas de alumnado-traballador, por medio dun contrato de traballo para a formación en alternancia, para a realización do PROGRAMA DE EMPREGO “REDONDELA TIC III” PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL e pola que convocou os devanditos procesos selectivos mediante concurso-oposición.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2023-2382, con data de 16/10/2023, pola que contratou a MARÍA DEL Rocío Álvarez Pereira como experta-docente na especialidade de deseño de produtos gráficos, a tempo parcial, para realizar o obradoiro dual de emprego denominado “REDONDELA TIC III PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL”, dende o día 17/10/2023 ata o día 08/10/2024.

MARÍA DEL Rocío Álvarez Pereira, experta-docente na especialidade de deseño de produtos gráficos, a tempo parcial, causou baixa por IT dende o día 06/11/2023 ata o día de hoxe, no que continúa baixa, sendo actualmente o tipo de proceso de carácter medio, cunha duración estimada de 45 días.

As bases que rexen a contratación de persoal docente por medio dun contrato de traballo temporal, para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, para a realización do PROGRAMA DE EMPREGO “REDONDELA TIC III” PARA PERSOAS MOZAS INCLUÍDAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL prevén no apartado décimo primeiro que: “Tras rematar o proceso selectivo, o órgano de selección elaborará unha listaxe de reserva, integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases do proceso de



selección, obtivesen as seguintes mellores puntuacións finais ás da persoa/s proposta/s para ocupar cada unha das prazas obxecto da convocatoria. Esta lista empregárase para cubrir se fose necesario algunha baixa de incapacidade temporal, renuncia ou vacante que se produza unha vez iniciada a prestación da actividade polas persoas candidatas inicialmente seleccionadas.

No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningunha das persoas integrantes estivera dispoñible para a súa contratación polo Concello de Redondela, iniciárase un novo procedemento de selección segundo o previsto nestas bases, as cales seguirán sendo de aplicación, con independencia de que o novo proceso de selección se realice para a contratación dun/ha persoa substituta da persoa titular do posto por baixa por IT, por renuncia ou vacante, sendo a duración do contrato como máximo, en todos os casos, o que reste para a finalización do proxecto.”

Do proceso selectivo que se realizou para seleccionar a un/ha experto/a docente en deseño de produtos gráficos quedou unha lista á que procede acudir. Tras realizar o chamamento o único aspirante rexeitou a oferta de traballo por atoparse traballando.

A Alcadesa ditou unha proposta con data 13/11/2023, pola que propón iniciar un novo proceso selección docente de deseño de produtos gráficos do programa de emprego “REDONDELA TIC III” para persoas mozas incluídas no ficheiro do sistema nacional de garantía xuvenil promovido polo concello de redondela.

O Concello de Redondela publicou anuncio convocatoria pública no diario Faro de Vigo o día 15/11/2023.

O Concello de Redondela presentou as correspondentes ofertas de emprego na oficina pública de emprego do Concello de Redondela o día 21/11/2023 para a preselección de persoas candidatas para os seguintes postos:

Esta oficina preseleccionou a 7 persoas para o posto de Experto/a docente en DESEÑO PRODUTOS GRÁFICOS (Oferta 12-2023-12871). Deste listado ningún candidato presentou a súa solicitude de participación, manifestando non cumprir os requisitos de experiencia requirida soamente dúas candidatas.

Tras comprobar se as persoas aspirantes cumprían os requisitos establecidos nas bases reguladoras do proceso selectivo que se convocou para a selección DUN/HA Experto/a docente en DESEÑO EN PRODUTOS GRÁFICO, RESULTOU QUE ningunha destas PERSOAS CANDIDATAS CUMPRÍAN COA TOTALIDADE DOS REQUISITOS previstos no apartado 3.º das bases reguladoras se establecen os REQUISITOS xerais e específicos.





CONCELLO DE REDONDELA

As bases reguladoras deste proceso selectivo establecen no apartado 4.º que: “Só no caso de que non se acade un número mínimo de tres persoas candidatas por posto **ou se ningún cumpre os requisitos mínimos, poderase de maneira extraordinaria e con validez unicamente para o posto do proceso de que se trate, modificar os requisitos mínimos esixidos (respectando sempre o establecido no certificado)** co fin de acadar persoas candidatas suficientes, Unha vez adoptada esta decisión, volveranse a valorar ás persoas candidatas coa finalidade de determinar se cumpren os novos requisitos mínimos e só no caso de que esas persoas candidatas non cumpran os novos requisitos, o concello acudirá á presentación dunha nova oferta ante o Servizo Público de Emprego de Galicia...”

As axentes de Emprego e Desenvolvemento Local deste concello emitiron un informe, con data de 30/11/2023, no que propoñen que, para non incumprir o establecido nas bases nin no establecido nos certificados de profesionalidade a impartir e en aras de conseguir candidatos/as que poidan impartir a especialidade e levar a cabo o desenvolvemento do proxecto que beneficia a contratación de persoas mozas desempregadas, que a experiencia dun ano se exixa en vez de nos tres últimos anos, nos cinco últimos anos, como se fai noutros certificados de profesionalidade do catálogo nacional.

Polo que, logo de ver o establecido nas bases reguladoras deste proceso selectivo que permiten a modificación dos requisitos mínimos exixidos de forma extraordinaria e con validez unicamente para o posto do proceso do que se trate, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Modificar os requisitos mínimos exixidos que DEBEN REUNIR OU CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES que participan no proceso selectivo que se convocou para a contratación dun/ha docente en DESEÑO PRODUTOS DE DESEÑO GRÁFICO (Nivel 3), por medio dun CONTRATO DE TRABALLO LABORAL, CONTRATO DE TRABALLO LABORAL TEMPORAL, PARA A MELLORA DA OCUPABILIDADE E A INSERCIÓN LABORAL, A TEMPO COMPLETO, para a realización da obra ou servizo “REDONDELA TIC III”, mediante concurso-oposición, de xeito que onde di:

“Experto/a docente en DESEÑO EN PRODUTOS GRÁFICOS:

-Titulación requirida: Estudos universitarios relacionados coa especialidade.

-Experiencia profesional requirida: mínima de 1 ano en traballos relacionados coas especialidade formativa, nos últimos 10 anos.”, debe dicir:

“Experto/a docente en DESEÑO DE PRODUCTO GRÁFICOS:

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C





CONCELLO DE REDONDELA

-Titulación requirida: Estudos universitarios.

-Experiencia profesional requirida: mínima de 1 ano en traballos relacionados coas especialidade formativa.”

SEGUNDO: Publicar esta resolución na sede electrónica, na páxina web (www.redondela.gal, no apartado de Emprego Público, persoal laboral temporal) e no taboleiro de anuncios do concello.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Cod. Validación: 5TOAC4ZDQ7RGSEFQ6XW4PYQTSL
Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C

